CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA USC	**PAU** **XUÑO 2010**	**Código: 51**

ANÁLISE MUSICAL II

OPCIÓN A

1ª Parte (6 puntos)
Comentario á AUDICIÓN

Comenta a audición proposta atendendo ós seguintes aspectos, xustificándoos e desenvolvéndoos:

1. Título e autor
2. Xénero
3. Textura
4. Modelo instrumental
5. Estrutura e forma
6. Estilo e época

2ª Parte. Preguntas curtas (4 puntos)

1- Homofonía
2- A *forma sonata*
3- Signos e recursos de expresión
4- *Baixo continuo*

OPCIÓN B

1ª Parte (6 puntos)
Comentario á AUDICIÓN:

Comenta a audición proposta atendendo ós seguintes aspectos, xustificándoos e desenvolvéndoos:

1. Título e autor
2. Xénero
3. Modelo de orquestra
4. Tipoloxía melódica
5. Estrutura e forma
6. Estilo e época

2ª Parte. Preguntas curtas (4 puntos)**:**

1- Contrapunto imitativo
2- Tesitura
3- Ritmo sincopado
4- Tipos de improvisación

CiUG COMISIÓN INTERUNIVERSITARIA DE GALICIA USC	**PAU** **SETEMBRO 2010**	**Código: 51**

ANÁLISE MUSICAL II

OPCIÓN A

1ª Parte (6 puntos)
Comentario á AUDICIÓN:

Comenta a audición proposta atendendo ós seguintes aspectos, xustificándoos e desenvolvéndoos:

1. Título e autor
2. Xénero
3. Textura
4. Tipoloxía melódica
5. Estrutura e forma
6. Estilo e época

2ª Parte. Preguntas curtas: (4 puntos)

1- Obertura
2- Minimalismo
3- O *leitmotiv*
4- Tipos de ligadura

OPCIÓN B

1ª Parte (6 puntos)
Comentario á AUDICIÓN:

Comenta a audición proposta atendendo ós seguintes aspectos, xustificándoos e desenvolvéndoos:

1. Título
2. Textura
3. Tipoloxía melódica
4. Relación ritmo-texto
5. Estrutura e forma
6. Estilo e época

2ª Parte. Preguntas curtas: (4 puntos)

1- Música atonal
2- Tipos de melodía.
3- Aleatoriedade
4- "*Bel canto*"

Criterios de Avaliación / Corrección

CONVOCATORIA DE XUÑO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. A saber:

1. En canto ó COMENTARIO Á AUDICIÓN: recoñecer a obra a partir dunha audición e saber explicar con termos precisos as características desta (obra e autor, xénero, estilo, forma etc.). O alumnado conta con seis cuestións orientadoras que acompañan a audición, e a partir das que deberá desenvolver os coñecementos adquiridos, podendo anotar en cada apartado observacións, relacións ou consideracións directa ou indirectamente referidas á opción elixida.

Así mesmo, valóranse os apuntamentos que, sen se referiren directamente á obra en cuestión ou ás preguntas emitidas, poidan enriquecer aspectos do seu contexto, estética ou calquera outro que permita centrar mellor o contido analítico.

2. En canto ás PREGUNTAS CURTAS, non precisan facer referencia á audición elixida, podéndose presentar a súa resposta a partir dunha definición. En calquera caso, poderanse valorar observacións que indirectamente melloren o contido da referida resposta, téndose en conta exemplos de obras ou citas que sexan coherentes e que reflicten ou acheguen información da capacidade de relación do alumnado.

CUALIFICACIÓNS

Para cada unha das opcións haberá dous bloques: comentario e definicións, que globalmente terán a **puntuación de 6/ 4** (6 puntos ó comentario á audición, e 4 puntos para as 4 preguntas curtas). En todo caso, o avaliador/a poderá entresacar elementos positivos aínda que a resposta non estea concretamente no seu debido apartado.

Acceso aos documentos de audio:

http://ciug.cesga.es/docs/audio/AM2010xunopcion1.mp3 **(4 diferencias sobre *"Guárdame las vacas"* de L. de Narváez)**

http://ciug.cesga.es/docs/audio/AM2010xunopcion2.mp3 **(*1º Mov. 5ª Sinfonía* de L. van Beethoven)**

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

Con carácter xeral, son válidos os criterios fixados no DOGA. A saber:

1. En canto ó COMENTARIO Á AUDICIÓN: recoñecer a obra a partir dunha audición e saber explicar con termos precisos as características desta (obra e autor, xénero, estilo, forma etc.). O alumnado conta con seis cuestións orientadoras que acompañan a audición, e a partir das que deberá desenvolver os coñecementos adquiridos, podendo anotar en cada apartado observacións, relacións ou consideracións directa ou indirectamente referidas á opción elixida.

Así mesmo, valóranse os apuntamentos que, sen referirse directamente á obra en cuestión ou ás preguntas emitidas, poidan enriquecer aspectos do seu contexto, estética ou calquera outro que permita centrar mellor o contido analítico.

Máis concretamente, no caso da primeira audición**, *Nas estepas de Asia Central***, de Borodin, no punto 5º teranse en conta observación xerais sobre estrutura e forma, inda que o alumno/a non a defina exactamente, tendo en conta que os tres minutos de audición non permiten o desenvolvemento de toda a obra.

2. En canto ás PREGUNTAS CURTAS, non precisan facer referencia á audición elixida, podéndose presentar a súa resposta a partir dunha definición. En calquera caso, poderanse valorar observacións que indirectamente melloren o contido da referida resposta, téndose en conta exemplos de obras ou citas que sexan coherentes e que reflicten ou acheguen información da capacidade de relación do alumnado.

CUALIFICACIÓNS

Haberá para cada unha das opcións dous bloques: comentario e definicións, que globalmente terán a **puntuación de 6 / 4** (6 puntos ó comentario á audición, e 4 puntos para as catro preguntas curtas). En todo caso, o avaliador/a poderá entresacar elementos positivos aínda que a resposta non estea concretamente no seu debido apartado.

Acceso aos documentos de audio:

http://ciug.cesga.es/docs/audio/AM2010setopcionA.mp3 **(*Nas estepas de Asia central* de A. Borodin)**

http://ciug.cesga.es/docs/audio/AM2010setopcionB.mp3 **(*Gratulantes.* Código Calixtino)**